# DECEMBRO 2023





| 1 2 | 3 4 5 | 6 7 8 | 9 10 11 | 12 13 14 |
|---|---|---|---|---|
| **LUNS** | **MARTES** | **MÉRCORES** | **XOVES** | **VENRES** |
| | | | | **1**<br>Coliflor con bechamel 5,8<br><br>Variñas de merluza caseiras con ensalada de leituga e granada 2, 6, 8<br><br>Iogur 5 |
| **4**<br>Lentellas<br><br>Arroz con ovo e verduras<br>6, 13<br><br>Laranxa | **5**<br>Crema de cabaza<br><br>Tenreira á xardineira<br><br>Mazá | **6**<br><br>**FESTIVO NACIONAL** | **7**<br><br>**DÍA DO ENSINO** | **8**<br><br>**FESTIVO NACIONAL** |
| **11**<br>Crema de chícharos<br><br>Lirios rebozados<br>con ensalada de tomate 2,6,8<br><br>Mandarina | **12**<br>Sopa de fideo 8<br><br>Repolo cocido con patacas, ovos e chourizo 6<br><br>Queixo con caqui 5 | **13**<br>Ensalada mixta 2<br><br>Pavo ao forno<br>con patacas fritidas 10<br><br>Uvas | **14**<br>Potaxe de garavanzos<br>con espinacas<br><br>Arroz tres delicias (cenoria, chí charo e tortilla francesa)<br>2,6 | **15**<br>Caldo<br><br>San xacobos con ensalada de cóengos e cenoria relada 6, 8<br><br>Mazá |
| **18**<br>Verduras salteadas<br>(Brécol, cenorias e cogumelos)<br><br>Macarróns con atún 2,8 | **19**<br>Ensalada campeira 2 , 6<br><br>Ás de polo fritidas<br>con cenoria relada 6, 8<br><br>Iogur Ecolóxico de Xanceda 5 | **20**<br>Ensalada tropical (leituga, aguacate, queixo e piña) 5<br><br>Fabas con ameixas<br><br>Plátano | **21**<br>**Menú de Nadal**<br>Carpaccio de polbo 4<br>Melón con xamón<br>Crocante de lagostino 11, 6, 8<br>Pinchos con queixo 5<br><br>Doces de nadal 6, 9 | **BOAS FESTAS!** |

Slow Food®
Compostela

CEIP CABADA VÁZQUEZ

## Información ás familias

No presente curso decidimos participar na campaña COME LOCAL dirixida aos comedores escolares de toda Galicia para promocionar os produtos galegos de proximidade e con indicativo de calidade. Esta campaña, que acada a súa IV edición neste 2023, está impulsada pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria. Entre outras cousas, consistirá en achegar ao noso comedor, de forma totalmente gratuíta, varios produtos galegos con certificado de calidade: DOP, IXP e Ecolóxicos de proximidade. Darannos a oportunidade de que os nenos e nenas usuarios do noso comedor poidan degustar varios produtos dunha excelente calidade con orixe Galicia e cunha trazabilidade garantida. Xa comezamos no pasado mes de novembro introducindo nos nosos menús ovos da granxa "Ovos de Volteiro" que comercializan produtos de proximidade e baixo parámetros de benestar animal.

Ao longo do curso, realizaranse cinco pedidos gratuítos correspondentes a esta campaña, comezando xa neste mes coa degustación dos iogures ecolóxicos de Xanceda na xornada do día 19.

Asemade, a campaña contempla tamén formación nutricional e asesoramento ao persoal de cociña e encargados da xestión do comedor escolar, así como accións formativas para o alumnado. Toda esta campaña irá aliñada cos ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible) da ONU.

Ovos de Volteiro
-ovos de galiñas criadas en liberdade-

